



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES. RAMÓN MENÉNDEZ PIDAL

M^a Victoria Fdez.-España y Fdez.-Latorre, 2 • 15002 A CORUÑA
Tel. 981 203 000 • Fax 981 201 257 • ies.menendez.pidal@edu.xunta.es



INTERCAMBIO DE 4º ESO CON COLCHESTER

Estimados pais:

O alumnado de 4º ESO terá a oportunidade de participar nun intercambio con estudantes dun centro de Colchester.

As datas nas que terá lugar serán do 15 ao 22 de febreiro (nesta semana eles virán a nosa cidade); e do 15 ao 22 de xuño (semana na que os nosos alumnos irán a Colchester).

O custo do total dos desprazamentos rondará os 450 euros e non cremos que chegue a 500 euros, incluídas as visitas dun día a Londres e outro a Cambridge.

O alumnado que participe no intercambio non sobrepasará os 20 alumnos/as, polo que de haber máis candidatos que prazas ordenaremos aos alumnos segundo o criterio que estableza unha Comisión que con tal fin se forme no centro.

A Inglaterra irán acompañados por dous profesores.

A semana que estean os ingleses no noso centro faremos, entre outras actividades, unha ruta do Camiño de Santiago e unha visita á cidade compostelá.

Se queren máis información do centro escolar en Colchester, poden acceder ao seguinte enlace.

<https://www.colchsfc.ac.uk/>

Realizaremos unha reunión informativa cos pais ou titores no Salón de Actos este mércores día 11 de outubro ás 19:30 horas para explicar con máis detalle as dúbidas que podan xurdir.

Reciban un cordial saúdo

Antonio Frade Fraga

Vicedirección

IES Ramón Menéndez Pidal

9 de outubro de 2017